





500 nm

Foto: Irene da Costa Barreiro

FEBREIRO 2025

RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES





500 nm

© Irene da Costa Barreiro

Octaedro estrelado

A fotografía de febreiro no calendario do #teamCINBIO está realizada por Irene da Costa Barreiro, investigadora do grupo de Nanomateriais Híbridos.

Nela observamos unha nanopartícula octaédrica de aproximadamente 500 nm que despreza múltiples ramificacións que rematan tamén en pequenos octaedros e creando unha estrutura que lembra a delicada forma dunha estrela de mar.



Premios da RAGC

O mércores 5 de febreiro tivo lugar a entrega dos Premios de Investigación Fundación Barrié-Real Academia Galega de Ciencias no compostelán Pazo de San Roque. Desde o CINBIO, o grupo TeamNanoTech recolleu o Premio á mellor investigación en Ciencias Básicas. [Máis información.](#)



Seminario Guadalupe Sabio

O xoves 6 de febreiro, a Dr. Guadalupe Sabio (*Centro Nacional de Investigaciones Oncológicas, CNIO*), ofreceu o seminario baixo o título "Metabolic Drivers of Cancer and Obesity-related Diseases", dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme". [Máis información.](#)



TeamNanoTech en GCiencia

O medio dixital especializado en contidos científicos, GCiencia, fíxose eco do traballo desenvolvido polo grupo TeamNanoTech do CINBIO. O vídeo céntrase nun proxecto no que se utiliza a luz solar para transformar dióxido de carbono en metanol. [Máis información.](#)



Recoñecemento Rede CIGUS

Os tres centros de investigación da UVigo integrados na Rede CIGUS: CINBIO, atlantTtic e CIM, recibiron este mes de febreiro o recoñecemento da Xunta de Galicia nun acto presidido polo titular do goberno galego, Alfonso Rueda, no Museo Centro Gaiás, en Santiago de Compostela. [Máis información.](#)



Seminario José M Martínez

O 13 de febreiro, o Dr. José M Martínez Yriarte (*Laboratorio de Proteínas e Alerxia, do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo*), ofreceu un seminario baixo o título "Etiopatoloxía e tratamento das Enfermidades Neurodexenerativas" dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme". [Máis información.](#)



Proxecto europeo MemCat

Persoal investigador do grupo de Nanomateriais Híbridos do CINBIO participa no proxecto europeo MemCat, na procura dunha alternativa ecolóxica á produción de etileno. Financiado pola UE a través da convocatoria EIC Pathfinder Open do programa HE, prolongarase ata abril de 2028. [Máis información.](#)

ESPECIAL #11F

As científicas do CINBIO sumáronse un ano máis á celebración do 11F, o Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia. Cos programas *Elas Fan CienTec*, no campus de Vigo, *eXXperimenta en Feminino*, no de Ourense, e o coloquio *Todas somos ciencia*, no centro de Vigo, como pratos fortes, deron a coñecer a ciencia que día a día se realiza nos nosos laboratorios, pondo en valor o talento e traballo das investigadoras, achegando referentes femininos no campo da I+D e incentivando as vocacións científicas nas novas xeracións. O amplo programa de actividades, do cal tamén formaron parte as charlas divulgativas en centros educativos da nosa contorna, contou co apoio da Unidade de Igualdade e a Unidade de Cultura Científica e da Innovación da UVigo, en colaboración coa FECYT.

- [Máis info sobre *Todas somos ciencia*.](#)
- [Máis info sobre *Elas Fan CienTec*.](#)
- [Máis info sobre *eXXperimenta en Feminino*.](#)
- [Máis info sobre as charlas divulgativas.](#)



MCPG en GCiencia

O medio dixital especializado en contidos científicos, GCiencia, fíxose eco do traballo desenvolvido polo grupo de Física e Química de Materiais do CINBIO. O vídeo céntrase na súa investigación para conseguir que as luces LED teñan unha mellor eficiencia enerxética. [Máis información.](#)



CellCOM no Atlántico Diario

O Atlántico Diario fíxose eco do traballo do grupo CellCOM, liderado no CINBIO por María Mayán. A reportaxe céntrase nun proxecto co que buscan transformar o tratamento da artrite mediante terapias baseadas en péptidos que restauran a capacidade de rexeneración do tecido. [Máis información.](#)



Seminario Lorena García

O xoves 27 de febreiro, tivemos a oportunidade de coñecer o traballo da investigadora Lorena García Hevia, do grupo de Nanomateriais Híbridos do CINBIO, que presentou a súa charla "Nanomedicine in cancer therapy" dentro do ciclo de seminarios 'Coñece ao #teamCINBIO'. [Máis información.](#)

MARZO 2025

PRÓXIMOS EVENTOS



Formación

Ciclo CINBIO Seminar Programme:

- Venres 14 de marzo ás 11:00 horas:

Seminario de Prof. Mohamed Chaker (*Institut national de la recherche scientifique Energy, Materials, Telecommunications*): "Plasma synthesis of oxide materials".



- Xoves 27 de marzo ás 11:00 horas:

Seminario de Josep Puigmartí-Luis (*Departament de Ciència dels Materials i Química Física, Institut de Química Teòrica i Computacional, Barcelona*): "Revolutionizing materials engineering and processing with microfluidic tools".




- Xoves 27 de marzo ás 15:00 horas:

Seminario de Prof. Robert Hoyer (*Inorganic Chemistry Laboratory, University of Oxford*): "Engineering Defects and Polarised Light Emission from Perovskite Nanocrystals".



Divulgación


Volve CinVigo. Ciencia na rúa. 26 e 27 de abril de 2025



A fin de semana do 26 e o 27 de abril celebraremos no centro de Vigo a 3ª edición do festival científico CinVigo. Ciencia na rúa, co apoio da FECYT.

Nesta ocasión, a feira científica contará coa participación dun total de 70 proxectos, realizados por alumnado de toda Galicia.

Se ti tamén queres formar parte de CinVigo e achegar a ciencia á cidadanía: [Inscríbete neste formulario.](#)



cinbio.es

